

POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA

O SÉCULO XX: ÉPOCA DE CAMBIOS

Os primeiros anos do século foron unha continuidade do anterior: cada gran potencia europea gozaba dos logros atesourados durante a revolución industrial e o colonialismo decimonónico. Pero a Primeira Guerra Mundial (1914-1918) tivo consecuencias transcendentais a nivel mundial na sociedade, na economía e na organización política. Novas potencias como Xapón ou Estados Unidos entraron con forza no escenario das rivalidades internacionais e un novo estado socialista, a URSS (Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas), presentaba unha alternativa ao modelo económico e social capitalista trala Revolución bolxevique en 1917.

No ámbito económico, na década de 1920, os países máis avanzados gozaron dun extraordinario desenvolvemento económico grazas aos avances tecnolóxicos derivados do uso do petróleo e da electricidade que estimularon a creación de maquinaria e comodidades. A riqueza, malia o repartimento desigual, chegou a amplos sectores sociais. A sociedade pareceu alcanzar a felicidade co consumo masivo, facilitado polo novo sistema de venda a prazos e estimulado polas continuas mensaxes publicitarias. Así mesmo, como reacción ás penurias da guerra, desenvolveuse un clima de liberación, de bohemia e de festa, polo que esa etapa se coñece co nome de *Os tolos anos vinte*. En 1929 produciuse unha profunda crise económica que levou ó afundimento das economías europeas, sobre todo a alemá, a penas recuperada da ruína causada pola Guerra Mundial. Esa profunda crise económica, coñecida como o *crack do 29* ou a *Gran Depresión*, puxo fin á década de bonanza e os traballadores da Europa rica víronse incapaces de manter o seu nivel de vida, o que posibilitou o espallamento de ideoloxías totalitarias como o fascismo e o nazismo para defender os intereses do capitalismo fronte á expansión do ideario comunista entre os empobrecidos traballadores europeos.

Nas Artes creadores europeos e americanos iniciaron un camiño anovador e rupturista. Esta ruptura coas concepcións estéticas vixentes ata entón supuxo que a imaxinación se convertese no xeito máis auténtico de interpretar a realidade. A arte xa non imitaba a natureza, senón que pretendía crear ela unha nova realidade. O subconsciente, o mundo dos soños e os procesos psicolóxicos do home convertéronse entón en materia artística. Todo isto levou a que as obras de arte reflectisen aspectos da realidade que endexamais se expresaran. Estamos no inicio das vangardas.

A arte contemporánea: unha nova visión do mundo

As obras da arte contemporánea que podemos visitar nos museos e exposicións ou observar nas reproducións dos libros presentan ante nós unha nova visión do mundo. Durante moitos séculos as representacións artísticas debían expresar a "auténtica realidade" e ser expresión dos ideais relixiosos, políticos e culturais da sociedade na que se desenvolvían. Os artistas, durante séculos, foron os encargados de transmitir a través das súas obras estes valores representativos dunha determinada época. A defensa que moitos pintores, escultores, etc., fixeron do valor social e intelectual do seu traballo lévannos a pensar nas dificultades que atopaban para conseguir unha mellor consideración social e non seren considerados como meros artesáns. Os artistas da época contemporánea enfocan o seu labor dun xeito diferente. Reflexionan sobre a realidade e sobre a súa propia existencia, ó tempo que atopan na experimentación e nas novas linguaxes artísticas o camiño para lograr a comunicación entre a arte e a vida. Ás veces acadan o éxito e as súas obras alcanzan elevadísimas cotizacións no mercado da arte,- noutras ocasións a situación do artista é moi diferente, a penuria económica acompañaño pero el continúa a defender a súa independencia e o dereito a facer o que considera auténtica expresión da súa idea da arte. A imaxe que tiña do mundo a arte tradicional desaparece e os novos

movimentos artísticos, "as vangardas" ou os "ismos", sucédense vertixinosamente na procura de novas vías para transformar a mensaxe artística. A fotografía, o cine, as novas tecnoloxías, os avances da psicoloxía e das ciencias experimentais, xogan un papel decisivo nesta nova forma de entender a arte como algo global e transformador da realidade.

Ciencias sociais, xeografía e historia, 4o de E.S.O. Editorial Galaxia.

De 1900 a 1936

A comezos do século XX, España seguía ancorada en estruturas económicas e sociais decimonónicas. Os grandes problemas como a desigualdade no reparto da terra, as deficientes comunicacións, a inxustiza social ou o caciquismo aínda estaban por resolver. O proceso aberto para buscar solucións coa Restauración Monárquica en 1874 fracasou, e a desaparición dos líderes políticos máis significativos, Cánovas e Sagasta, agravou aínda máis a situación ó deixaren un baleiro de poder que aproveitarían os militares para tomaren o poder impondo unha ditadura militar en 1923. A Ditadura de Primo de Rivera foi acollida como un mal necesario ante o caos en que vivía a cidadanía, pero as expectativas axiña se frustraron cando o novo goberno amosou a súa incapacidade para resolver os problemas de sempre. A súa impopularidade provocou a caída da Monarquía de Alfonso XIII e a chegada da II República.

A euforia desatada ante a chegada da República acabou por esmorecer precisamente porque, despois dunha sucesión de gobernos, aqueles problemas herdados do XIX seguían sen se resolver. De novo o conflito social serviu de escusa para que os militares se sublevasen contra o réxime democrático en 1936 e instaurasen unha ditadura que duraría 40 anos.

A lenta modernización de Galicia

A finais do século XIX, a fidalguía, clase dirixente da sociedade e economía galega, sobrevivía agonizante incapaz de transformar o seu caduco estilo de vida pseudofeudal para adaptarse ó nacente capitalismo como fixeran noutros países europeos. Os primeiros anos do XX foron testemuña da ruína da fidalguía e duns cambios sociais —aínda que serodios— moi necesarios para a modernización de Galicia.

O primeiro gran cambio foi a desaparición dos foros (un contrato de alugueiro entre o propietario da terra e o labrego que a traballaba) en 1926. A desaparición do sistema foral foi consecuencia da loita agraria levada a cabo por campesiños organizados en sindicatos como Solidariedade Galega, Unión Campesíña e, o máis influínte de todos, Acción Galega, fundado polo crego Basilio Álvarez. A Desamortización de Mendizábal en 1835 non lograra incrementar a produtividade agrícola porque as terras expropiadas aos aristócratas non foron compradas polos labregos empobrecidos senón pola nacente burguesía que viu unha oportunidade de investir os seus aforros e de converterse en cobradores dos foros. Xa no século XX a adopción de melloras técnicas no campo, a mellora da maquinaria, a fertilización da terra e o diñeiro aforrado da emigración e dos pequenos excedentes agrícolas permitiulles ós campesiños mellorar o seu nivel de vida e pagar as indemnizacións ós rendistas dos foros.

A segunda gran transformación foi consecuencia do baleiro de poder deixado pola fidalguía e a súa substitución por pequenos comerciantes procedentes sobre todo de Cataluña e León, axudados por unha eficaz rede bancaria, instalada en Galicia para comerciar co aforro dos emigrantes, e a presenza dunha importante industria conserveira e naval que pouco a pouco ía atraendo máis man de obra do rural para as cidades costeiras. A aparición dunha pequena industria na costa fixo que moita poboación do interior emigrase cara as cidades costeiras. Co aumento de poboación urbana naceron os primeiros colectivos defensores dos dereitos dos obreiros.

Antes do ano 17, o sentimento de galegitude estaba totalmente esmorecido na nosa terra. A nosa lingua, a nosa lírica, as cousas da nosa Historia eran estudadas e tratadas por algúns, moi poucos, galegos, como feitos arqueolóxicos. [...]

Pois ben; entón a penas ningún home culto da nosa terra se emocionaba unha miga coas cousas enxebres. Polo contrario: adoitaban ollarse con indiferenza cando non con desprezo... A rexa colonización castelá chegara a infundir na maioría dos nosos paisanos o sentimento vergoñoso da propia autoinferioridade, que inda hoxe custa caro desbotar dalgúns. [...]

O froito do meu labor foi a creación da **Irmandade da Fala** da Coruña... E foi daquela cando os : máis prestixiosos fundadores da revista neosófica *La Centuria* de Ourense —Risco, Noguerol e algúns máis— que xa comezaban a sentir curiosidade polo galeguismo, viñeron a el por enteiro, o mesmo que o xenial Castelao.

Antón Vilar Ponte.

O NACIONALISMO GALEGO

Nas primeiras décadas do século XX, a medida que Galicia experimentaba o seu proceso de modernización económico e social, o pensamento galeguista ía adquirindo máis apoios sociais e tamén ía evolucionando nas súas formulacións políticas. O rexionalismo daba paso ó nacionalismo.

As Irmandades da Fala

Nos primeiros anos do século XX formáronse en toda Galicia unha serie de grupos galeguistas: as Irmandades da Fala. A súa actividade centrábase na defensa da lingua, na denuncia dos problemas e do atraso de Galicia e na afirmación de que Galicia era unha nación. Precisamente no primeiro acto conxunto das Irmandades celebrado en Lugo en 1918 se proclamaba:

Tendo Galicia tódalas características esenciais de nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba rexionalismo non recolle tódalas nosas aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

Estes grupos galeguistas, nos que estiveron integrados intelectuais da época como Antón Villar Ponte, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Lois Peña Novo e Alfonso Rodríguez Castelao, foron, polo tanto, os que formularon por primeira vez a teoría de que Galicia era unha nación e que os seus problemas só atoparían solución cando contase cun poder político propio. Desde a revista *A Nosa Terra* difundiron as súas ideas e o seu programa político para Galicia:

- Cooficialidade dos idiomas galego e castelán e potenciación do ensino en galego e de todas as manifestacións da cultura galega.
- Autonomía integral para Galicia, que disporía de Parlamento e Goberno propios dentro do Estado español organizado como unha Federación.
- Reformas económicas e sociais para fomentar o desenvolvemento da agricultura, da industria e das comunicacións, rematando así co atraso económico e social de Galicia.
 - Igualdade de dereitos entre os homes e as mulleres

As Irmandades da Fala non contaron co necesario apoio electoral para levar adiante as súas propostas. Ante a incapacidade política, o nacionalismo galego guiou a súa actividade cara ó ámbito da cultura, no que un grupo de intelectuais coñecidos como Xeración Nós (Vicente Risco, López Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo...) realizaron un intenso labor de difusión cultural nos eidos do ensaio, a xeografía, a historia, a arte, a arqueoloxía e outras ciencias.

As Irmandades e o idioma

Un dos principais obxectivos das Irmandades era a dignificación e promoción do uso da lingua galega para reafirmar a concienciación nacional. Como dicía Villar Ponte:

Hai, pois, unha política para nós: a grande política da lingua. Se conseguimos interesar nesta política ós novos intelectuais e ás xeracións que veñen, voltaremos a ser fortes. Pobo que recobra a súa lingua, recóbrase a si mesmo.

Conscientes, polo tanto, do conflito lingüístico entre o castelán e o galego e da situación de predominio dunha sobre a outra, decidiron actuar en consecuencia deseñando os primeiros intentos de normalización do seu uso a través do seu ensino onde o galego estaba completamente ausente con publicacións como *A nosa escola*, de Xoán Vicente Viqueira, ou o *Plan pedagóxico para a galeguización das escolas*, de Vicente Risco. Inician a recuperación da toponimia: Carballiño e non *Carballino ou Sanxenxo e non *Sangengo, etc. Desde as súas publicacións introducen publicidade en galego, nos seus actos públicos e na radio tamén son pioneiros no uso do idioma.

Preocupados tamén pola normativización, publicaron en 1933 *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*, un traballo pioneiro que propuña aspectos como a imposición da grafía x para o fonema fricativo palatal xordo; a eliminación de apóstrofos como *n'a metade d'o río*; a preferencia da forma ao sobre a contracción ó, etc. Sen embargo, noutras cuestións de importancia como o seseo, uso de guións, formación de plurais e recomendacións no léxico, as solucións dadas non foron aplicadas por falta de coherencia.

O Partido Galeguista e o Estatuto de 1936

As Irmandades da Fala e os diversos grupos nacionalistas dispersos por toda Galicia volveron á actividade política en 1931, coa proclamación da República, e conseguiron colocar como deputados nas Cortes de Madrid a Ramón Otero Pedrayo e a Alfonso Rodríguez Castelao. Isto foi un estímulo para que no mesmo ano de 1931 as diversas formacións nacionalistas fundasen o Partido Galeguista.

Os apoios sociais do Partido Galeguista procedían fundamentalmente da clase media galega (intelectuais, funcionarios, pequenos comerciantes e industriais) así como de certos sectores do campesiñado. A súa actividade política caracterizouse pola defensa dos problemas de Galicia e polo intenso labor propagandístico a favor da autonomía para Galicia. En xuño de 1936 era aprobado por plebiscito popular o Estatuto de Autonomía de Galicia e en xullo presentado nas Cortes españolas para a súa aprobación, pero a súa posta en práctica quedou adiada polo levantamento militar e polo comezo da Guerra Civil naqueles mesmos días.

A consolidación literaria (1900-1936)

A PRODUCCION LITERARIA ENTRE SECULOS

A produción poética

A produción literaria durante os primeiros anos do século caracterizouse pola forte influencia dos tres principais poetas do Rexurdimento. A poesía seguiu a ser o xénero máis cultivado cunha estética entre o Romanticismo, xa moi pasado de moda, e o Realismo costumista. Poderíamos establecer dúas escolas poéticas:

- A escola renovadora, seguida por autores que, sen rexeitaren a tradición literaria do Rexurdimento, non renuncian a actualizar os temas e formas da súa poesía adoptando modelos chegados de fóra. O seu mellor representante foi Ramón Cabanillas.
- A escola tradicionalista, seguida por aqueles que rexeitaban as influencias de literaturas e modas alleas. Dentro desta escola destacan: Xosé Crecente Vega (1896- 1948), autor dunha única obra,

A *Codeseira*, pero de gran influencia na poesía ruralista de posguerra; Gonzalo López Abente (1879-1963), autor de *Nemancos* (1928) e *Centileo nas ondas* (1958), e, sobre todo, Antonio Noriega Varela.

Antonio Noriega Varela

Antonio Noriega Varela naceu en Mondoñedo, onde cursou estudos eclesiásticos. A súa profesión de mestre obrigouno a vivir en distintos lugares do interior de Galicia o que, por unha parte, lle deu a oportunidade de coñecer diferentes dialectos galegos como demostra no seu libro *Cómo falan os brañegos* e, por outra, a posibilidade de coñecer a xentes que influíron na súa obra e pensamento: en Foz, a Antón Villar Ponte; en Trasalba, a Ramón Otero Pedrayo, e, en Calvos de Randín, onde fora desterrado por publicar uns poemas satíricos, ó portugués Teixeira de Pascoaes. Morreu en Viveiro en 1947.

Toda a obra poética de Noriega Varela está recollida nun único volume, *Do ermo*, que foi aumentando entre 1926 e 1946 a medida que se sucedían as reedicións. Os poemas pódense subdividir en:

- Poesía costumista, que segue a liña realista do século XIX. Son poemas que glosan a dura vida dos labregos en contraste coa súa alegría de vivir expresada nas súas festas e tradicións.
- Lirismo da natureza, o seu trazo máis orixinal. Nos seus poemas a máis pequena e humilde forma viva ou inanimada da natureza cobra protagonismo seguindo o exemplo de San Francisco de Asís. Nesta poesía é onde se manifesta a influencia dos poetas portugueses como Antero de Quental, Guerra Junqueiro, Teixeira de Pascoaes, etc., no coidado da forma, na musicalidade do verso e no vocabulario culto tomado moitas veces do portugués, e que tanto se arreda da fala montañesa dos seus primeiros poemas.

A produción narrativa

A prosa foi menos cultivada. Nesta etapa destaca Xosé Lesta Meis (Eirís, 1887-A Coruña, 1930) con *Estevo* (1927), unha novela na que se relatan as tribulacións dun galego na emigración cubana.

Actividades con textos

Breve exemplo do estilo de Noriega Varela. Ata o máis humilde charquiño merece o protagonismo e a mirada marabillada do paseante.

Unha breve pucharquiña

É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

Sen fatuidade urbana
míranse naquel espello
as floriñas dun carpazo,
a ramaxe dun esvedro,
linda pastora de Anaigo
e as estreliñas do ceo.

É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

Noriega Varela. Do ermo.

- Clasifica o poema dentro da obra de Noriega Varela.

- Describe a súa rima e analiza o seu vocabulario ¿a que mundo natural fai referencia?
- Hoxe o ecoloxismo intenta inculcar un respecto pola Natureza. ¿Cres que esta poesía comparte eses valores?
- Noriega no poema fai unha alusión á cidade, ¿é positiva? Razona a túa resposta.

Crecente Vega describe a harmonía da vida nunha aldea.

Anoitecer

Vai o sol na furada. Os sapos preguiceiros
cansados baixo as pedras de estar acochadiños,
saen tocar a fruta ás beiras dos camiños
e escóitanse nas regas os grau grau barulleiros

das ras. Pasan zoando por entre os maciñeiros
os roncós. E parellas de ledos paxariños
agrúchanse, piando, na quentura dos niños
entre a follaxe espesa de silvas e loureiros.

Unha nena onda a fonte cun rapaz parrafea.
Enchendo as corredeiras vén a habenza prá casa.
Ei, marelo, pra adiante -un labrego que pasa.

Toca ás Avemarias a campana da aldea...
E no curral seus rezos murmuran dúas veciñas
e lámbense dúas vacas tocando as campaiñas.

Xosé Crecente Vega. Codeseira.

- ¿A que tipo de estrutura estrófica pertence este poema? ¿Podemos falar de que ten influencias do clasicismo?
- Autores latinos como Virxilio facían admirados cantos sobre a vida feliz dos campesiños. ¿Cres que Crecente Vega é un con tinuador dese xeito de facer poesía?
- Os latinos tiñan razón para envexar a vida campestre se a comparas coas confabulacións políticas e cobizas militares de Roma pero: ¿cales cres ti que eran as razóns de Crecente Vega e outros poetas para describir o campo galego como idílico?

RAMÓN CABANILLAS

Ramón Cabanillas Enríquez naceu en Fefiñáns (Cambados) en 1876. Estudou no Seminario de Santiago, onde se familiarizou coa cultura clásica. Con dezasete anos púxose a traballar na administración do seu concello natal ata que, en 1910, decidiu emigrar, como tantos galegos daquela, a Cuba. Alí contactou coa intelectualidade galeguista que enterrara a Curros Enríquez dous anos antes e publicou as súas dúas primeiras obras: *No desterro*, en 1913, e *Vento Mareiro*, en 1915. As dúas levan un prólogo de Basilio Álvarez, un dos maiores activistas do agrarismo. Cabanillas volveu da illa caribeña en 1915.

Xa de regreso en Cambados, colaborou estreitamente coas Irmandades e co seu órgano propagandístico, *A Nosa Terra*. En 1920 ingresou na Real Academia da Lingua Galega e en 1929 na Academia Española. Pasou a vivir entón en Madrid, onde o sorprendeu a Guerra Civil. Refuxiouse en Valencia, como Castelao, e unha vez rematada a guerra volveu para Madrid. Morreu en Cambados en 1959.

Cabanillas é considerado como un autor de transición porque combinou as principais liñas temáticas dos tres grandes do Rexurdimento coas innovacións formais de principios do século XX que chegaban de fóra das nosas fronteiras, sobre todo do Modernismo. Por iso recibe a denominación de autor de entre séculos.

A obra de Cabanillas

A obra de Cabanillas abrangue dous grandes períodos: antes da guerra (1913-27) e despois da guerra (1949-59). Escribiu fundamentalmente poesía lírica e poesía narrativa, pero tamén publicou teatro e esporadicamente textos ensaísticos.

Poesía lírica

Antes da guerra publicou os seus libros máis representativos, *No desterro* (1913), *Vento Mareiro* (1915) e *Da terra asoballada* (1917), nos que se poden observar as tres grandes liñas temáticas que están presentes en todo o conxunto da súa obra:

- Os poemas intimistas, de inspiración rosaliana, sobre a vida, o amor e a natureza, pero sen chegar á sensibilidade e profundidade filosófica da escritora padronesa.
- Os poemas cívicos, de marcado carácter social, nos que critica os poderes, a falta de xustiza e a situación de miseria en que vivía o campesiñado, moi na liña de Curros pero sen seguir o seu anticlericalismo. Son poemas nos que se atopan os postulados reivindicativos do Agrarismo e das Irmandades.
- Os poemas costumistas, que seguen a corrente ruralista de fins de século pero que Cabanillas soubo modernizar con trazos innovadores tanto desde o punto de vista da forma: a musicalidade do verso, os mundos exóticos de sensual cromatismo e beleza; coma do contido: a descrición do mundo rural realizada con humor e certa autocrítica.

Despois da Guerra, Cabanillas volveu publicar poesía lírica: en 1954, *Da miña zanfona*; en 1958, *Samos*, na que reflexiona sobre a existencia e loa a vida monacal. Tamén publicou *Versos de alleas terras e tempos idos* (1955), que é unha colección de paráfrases e traducións de autores clásicos e modernos moi diversos.

Poesía narrativa

Na noite estrelecida é, segundo os críticos, o mellor poema da literatura galega. Efectivamente, esta obra, ademais da súa indiscutible e recoñecida calidade estética, posúe un enorme valor simbólico, ó estar construída sobre un tema tan universal como a demanda do Graal e o Ciclo Artúrico. Así mesmo, a obra é un documento para entender a política do galeguismo de principios de século, porque se inspirou nas dúas correntes ideolóxicas fundamentais do nacionalismo galego: a corrente celtista de Pondal, de Murguía e das Irmandades e a corrente culturalista, europeísta e atlantista de Vicente Risco.

A obra recrea en tres sagas ("A espada Escalibor", "O cabaleiro do santo Grial" e "O soño do rei Artur") o mundo artúrico e o tema da demanda do Graal nun ambiente claramente galego. Está escrita en versos alexandrinos mesturados con romances e sextinas rubenianas cun escollido vocabulario e cun ritmo que seduce ó lector igual que as heroicas aventuras que o cabaleiro Galahaz ten que superar desarmado para atopar o cáliz, símbolo do renacemento do esplendor dos países celtas e por tanto de Galicia. Velaquí un exemplo:

O príncipe trunfante na catedral é entrado
e das céltigas xentes novo Rei coroadado,
no entanto que deixando un raio ardente e louro
na escuridade, aberto pola fouce de ouro,
o profeta que a verba de Taliensín unxeu

e a espada defensora da Raza conquireu,
o bardo de ollos gazos e da barba frorida
desparece en silencio na noite estrelecida.
Rei Artur de ollos pechos nun ensoño diviño
pide forzas ó ceo para dar co camiño,
e nestora solene de visión sagra e fonda,
descorridos os velos, veu a Táboa Redonda,
a lexión trunfadora, a bélica irmandade
que ten de ser nos séculos blasón da cristiandade.

De carácter narrativo son: *O bendito San Amaro* (1925), biografía deste santo galego, e *Camiños no tempo* (1949), que é unha recompilación da súa poesía narrativa.

O teatro

A obra de Ramón Cabanillas é fundamentalmente poética. Só compuxo dúas pezas teatrais: *A man de Santiña*, coa que se inaugurou en 1921 o Conservatorio Nacional de Arte Galega creado polas Irmandades da Fala, e *O Mariscal* (1926), escrita a petición do seu amigo Antón Villar Ponte e que ten por argumento o episodio, entre lendario e histórico, do enfrontamento entre o Mariscal Pardo de Cela e os Reis Católicos que fora interpretado polos historiadores nacionalistas como unha demostración da resistencia de Galicia a someterse á autoridade centralista dos Reis Católicos.

A prosa

A súa obra en prosa redúcese ó prólogo de *Antifona da Cantiga* (1951), a primeira publicación da Editorial Galaxia, e *A saudade nos poetas galegos* (1920), o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

Actividades con textos

Cabanillas compartiu o ideario nacionalista das Irmandades e este poema é un bo exemplo.

¡En pé!
¡Irmáns! En pé, sereos,
a limpa frente erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira da Galicia,
cantémo-lo dereito á libre nova vida!

Validos de traidores
a noite da Frouseira
a patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afrouxan as cadeas...
irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,

ergámo-la bandeira azul e branca!
E ó pé da enseña da nazón galega
cantémo-lo dereito a libertar a Terra!

Irmáns no amor á Suevía
de lexendaria historia,
a non morrer sen loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
á libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
A oliva nunha man, a fouce noutra,
berremos alto e forte: "¡A nosa terra é nosa!"
A Luís Porteiro

■ Fixate no ritmo do poema, ¿como o definirías?

¿En que medida axuda o ritmo a enfatizar o contido proselitista do poema?

Ó longo do poema, Cabanillas explica algunhas causas históricas da falta de soberanía de Galicia pero tamén repasa momentos de gloria. Que pretende con isto? e Con que símbolos identifica a Galicia?

Explica o significado dos símbolos oliva e fouce.

Este poema converteuse no Himno de Acción Galega.

"Acción Gallega"

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!
¡Dende Ortegál ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrillar!
Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
á Aldea que traballa
disposta pra loitar.
Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ó mar.
¡Ergámonos sen medo!
que o lume da toxeira
envolva na fogueira o pazo señorial!
Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes,
foxe ó redentor empuxe
da alma rexional.
Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ó mar.

A que colectivo se dirixe o poeta? ¿Cal é a súa posición?

Ritmo regular, como de percusión militar, e os abundantísimos signos de admiración son un recurso para... ¡ ¿Quen aparecen aludidos no poema como inimigos? ¿Seica non son tamén irmáns galegos? Que significan os versos: Dende Ortegá ó Miño e dende a montaña ó mar En que liña temática incluírías este poema? Razona a resposta.

Poema de carácter cívico moi na liña de Curros Enríquez.

Lume no pazo
Prende o lume no pazo.
A roxa labrada alumea a campía.
Atronan as campanas o val. quentan o aire espesas bafaradas de fume. Corre a xente, herrando, atolondrada.
Ó arde-lo cume, as tellas enroxecen e estalan. Caen, cruxindo, as vigas, e o lume ás catro bandas Muxen de medo os bois nas cuabras.
A xente rube ó adro pra ver onde é a desgracia e ó mirar cara ó pazo detense amontoada. Erguense as mans ó ceo e sanguíñenta, tráxica, refléxase nos ollos a roxa labrada. E un velliño, moi vello, de guedelliñas brancas, que vive de milagre, xantando cando xanta, vestido de farrapos e durmindo onde cadra, todo por mor dun preito no que os donos do pazo deixárono sen nada; ollando cara ó lume,

rise, barulla e fala
de ir busca-lo gaiteiro
para que toque a gaita!

- O poema está dividido en dúas partes na súa disposición de versos e estrofas. Compara e analiza o contraste entre elas. Decátate que nunha hai unha descrición máis detallada e noutra versos dunha sintaxe moi esquemática pero con abundancia de verbos. ¿Por que?
- ¿Cal é a interpretación deste texto? ¿De que tipo de sociedade nos fala? ¿Con que amosa o autor un decidido compromiso?

Este poema ten influencia de Rosalía de Castro.

Camiño longo

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día...
camiño longo da miña vida!

Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta.
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras...
¡vereda torta, ti onde me levas!

Camiño, camiño longo.
A choiva, a neve e as silvas
enchéronme de friaxe,
cubrironme de feridas...
camiño longo da miña vida !

Vereda, vereda fonda
de fontes tristes, sen auga;
sen carballos que den sombra,
nin chouzas que den pousada..
¡vereda fonda, ti cando acabas!

II Explica qué liña temática predomina no poema.

- ¿Cal é o tema? ¿A que se retire con camiño longo?
- ¿Percibes unha impresión optimista ou pesimista? Señala os substantivos e adxectivos do poema para argumentar a túa resposta.
- ¿Como debemos entender o derradeiro verso?